



Asociación de Familias de
Alumnado NEAE

A Cañiza - Pontevedra

Por: Marta Rodríguez Márquez

SOCIAIS

A HIDROSFERA



Asociación de Familias de Alumnado NEAE.

A HIDROSFERA

A HIDROSFERA



Capa de auga que recobre o 70% da superficie da Terra.

Está formada por:

OCÉANOS E MARES



RÍOS TERRESTRES



RÍOS SUBTERRÁNEOS



GLACIARES



LAGOS E LAGOAS



VAPOR DE AUGA DA ATMÓSFERA



OS ESTADOS DA AUGA NA NATUREZA

A **AUGA** aparece na natureza en **3 ESTADOS** distintos:

ESTADO LÍQUIDO



Atópase nos **mares**,
lagos e **lagoas**, e nos
ríos.



A auga dos mares é
salgada.



A auga dos ríos é
doce.

ESTADO SÓLIDO



Atópase nos **glaciares**.



A auga está sometida a
baixas temperaturas
(moito frío).

ESTADO GASEOSO



Atópase na **atmósfera**.



Cando a auga líquida se
quenta, convértese en
vapor de auga.


PARA QUE UTILIZAN OS SERES VIVOS A AUGA

Para beber


Para cociñar

Para limpar

Para as industrias...



Para realizar a fotosíntese.




Para beber...

Algúns animais viven na auga.



O CICLO DA AUGA




HIDROSFERA: TIPOS DE AUGAS

Na **HIDROSFERA** HAI 2 TIPOS DE AUGAS:

AUGAS
SUPERFICIAIS

AUGAS
SUBTERRÂNEAS




AUGAS SUPERFICIAIS


As **AUGUAS SUPERFICIAIS** atópanse **sobre a superficie** da Terra.



Prodúcense polas **PRECIPITACIÓNS**





ou polos **AFLORAMENTOS** de augas subterráneas.



AUGAS SUBTERRÁNEAS

As **AUGAS SUBTERRÁNEAS** atópanse **debaixo do chan**, en **espazos porosos** do solo e nas **fracturas** das rochas.

Prodúcense polas **FILTRACIÓNS** no solo,
das **precipitacións** ou
das **augas superficiais**.



Covas ou Galerías

Volven á superficie a través de
FONTES, MANANCIAIS ou
excavación de **POZOS**.




OS RÍOS

Un **RÍO** é unha corrente continua de **AUGA DOCE**, formada pola auga da chuvia ou pola neve cando se derrite.



Nace na **MONTAÑA**




e desemboca no **MAR**.

PARTES

DUN

RÍO



AS CARACTERÍSTICAS DOS RÍOS

CARACTERÍSTICAS

LONXITUDE:

Distancia entre o nacemento e a desembocadura.

CAUDAL:

Cantidad de auga que leva o río.

RÉXIME:

Variación do caudal ao longo do ano.

Réxime REGULAR: o caudal case non varía durante o ano.


Réxime IRREGULAR: o caudal sí varía durante o ano.

Estas características varían debido a **2 factores**:

FACTORES

O RELEVO:

Canto **MAÍS LONXE** se atope a montaña na que nace o río, da desembocadura, máis longo será o río.




O CLIMA: Canto máis chuvioso é o clima, máis caudal terá o río.



OUTROS DATOS SOBRE OS RÍOS

AFLUENTE

É un río que desemboca noutro río máis grande.



CANLE

É o terreo por onde discorren as augas dun río.

VERTENTE HIDROGRÁFICA

CONCA HIDROGRÁFICA

Terreo inclinado que fai que a auga dos ríos chegue ao mar.

Conxunto de concas hidrográficas, nas que todos os ríos desembocan no MESMO MAR.

EXERCICIOS

1- Que é a HIDROSFERA?

- a) Unha capa de aire que envolve a corteza terrestre.
- b) Unha capa de auga que recobre o 70% da superficie da Terra.
- c) O conxunto de rochas e minerais que hai na Terra.

2- A HIDROSFERA está formada:

1- _____ e _____.

2- _____.

3- _____.

4- _____.

5- _____ e _____.

6- _____.



3- Relaciona cada imaxe co seu nome correspondente.



glaciar
río terrestre
vapor de auga
río
subterráneo
lago
océano



4- Cales son os estados nos que a auga aparece na natureza?

1- _____.

2- _____.

3- _____.



5- Relaciona:



ESTADO
GASEOSO



ESTADO
LÍQUIDO



ESTADO
SÓLIDO



6- A auga es estado líquido atópase na natureza:

- a) nos ríos, mares, océanos, lagos e lagoas.
- b) nos glaciares.
- c) no vapor de auga que forma as nubes na atmósfera.

7- A auga es estado sólido atópase na natureza:

- a) nos ríos, mares, océanos, lagos e lagoas.
- b) nos glaciares.
- c) no vapor de auga que forma as nubes na atmósfera.

8- A auga es estado gaseoso atópase na natureza:

- a) nos ríos, mares, océanos, lagos e lagoas.
- b) nos glaciares.
- c) no vapor de auga que forma as nubes na atmósfera.

9- A auga en estado líquido é (une con flechas).

nos mares e océanos doce

nos ríos salgada

10- Di para qué utilizamos a auga os seres vivos:

a) Os seres humanos para:

b) As plantas para:

c) Os animais para:



11- Que é o ciclo da auga?

- a) as distintas formas de precipitacións.
- b) as distintas formas nas que aparece a auga na natureza.
- c) os continuos movementos da auga pola Terra e os cambios que sofre.

12- Relaciona os pasos do CICLO DA AUGA, e debúxaos:

O VAPOR DE AUGA
PASA Á ATMÓSFERA

A auga das nubes cae á superficie terrestre, en forma de chuvia, neve ou saraiba.

FORMACIÓN DE
NUBES

A auga líquida das precipitacións discorre polos ríos ata chegar aos mares e océanos, e fíltanse para formar augas subterráneas.

PRECIPITACIÓN

O vapor de auga enfríase e forma as nubes.

A AUGA VOLVE Á
TERRA

O sol quenta a auga dos ríos e dos mares e convértea en vapor de auga que pasa á atmósfera.



DEBUXO



EXERCICIOS

1- As augas da HIDROSFERA poden ser:

- a) superficiais ou subterráneas.
- b) frías ou quentes.
- c) superficiais ou xeadas.

2- As AUGAS SUPERFICIAIS poden ser: (une con flechas)

- a) Doces océanos e mares
- b) Salgadas ríos, lagos, masas de xeo...

3- As AUGAS SUPERFICIAIS atópanse:

- a) debaixo da corteza terrestre.
- b) debaixo do chan.
- c) na superficie terrestre.

4- As AUGAS SUPERFICIAIS están formadas pola auga:

- 1- _____.
- 2- _____.
- 3- _____.



5- En qué partes da Terra podemos atopar MASAS DE XEO e NEVE?

- a) Nas chairas.
- b) Nos vales e nas zonas subterráneas.
- c) Nas cumes das montañas e nos polos.

6- As AUGAS SUPERFICIAIS prodúcense:

- a) pola formación de lagos e lagoas.
- b) cando o sol quenta auga dos ríos e dos mares.
- c) polas precipitacións e os afloramentos de augas subterráneas.

7- As AUGAS SUBTERRÁNEAS atópanse:

- a) sobre a superficie da Terra e nos espazos porosos do solo.
- b) sobre a superficie da Terra e nas fracturas das rochas.
- c) debaixo do chan, nos espazos porosos das rochas e nas fracturas das rochas.

8- As AUGAS SUBTERRÁNEAS forman:

- a) ríos terrestres.
- b) lagos e lagoas.
- c) Covas e galerías.



9- As AUGAS SUBTERRÁNEA prodúcense:

- a) pola filtración da auga dos ríos.
- b) pola entrada do mar na costa.
- c) polas filtracións das precipitacións e das augas superficiais.

10- As AUGAS SUBTERRÁNEAS volven á superficie: (une con flechas)

- a) mediante fontes.




- b) mediante mananciais.



- c) mediante pozos.



11- Escribe os nomes nos debuxo. Colorea de azul as etiquetas que corresponden as **AUGAS SUPERFICIAIS**, e de verde as que corresponden as **AUGAS SUBTERRÁNEAS**.



EXERCICIOS

1- Que é un río?


2- Como se forma a auga dos ríos?

- a) Coa auga da choiva e da neve cando se derrite.
- b) Coas augas subterráneas que emerxen á superficie.
- c) Coa auga que chega do mar.

3- Completa:

O río nace na _____ e desemboca
no _____.

4- Indica no debuxo os elementos dun río:



5- Relaciona:

CURSO ALTO

Parte do río máis próxima á desembocadura. As augas depositan materiais.

CURSO MEDIO

O río discorre por unha zona chaira.

CURSO BAIXO

Zona máis próxima ao nacemento do río. As augas son rápidas e arrastran pedras e areia.

6- En que curso do río se forman os MEANDROS?

_____.

7- Enumeras as 3 características dos ríos:

1- _____.

2- _____.

3- _____.

8- Que é a LONXITUDE dun río?

- a) A distancia dende un afluente á desembocadura.
- b) A distancia dende o nacemento dun río ata o meandro.
- c) A distancia dende o nacemento ata a desembocadura.



9- Que é o CAUDAL dun río?

- a) A cantidade de auga que leva o río.
- b) Unha curva que o río fai no seu curso medio.
- c) A desembocadura dun río.

10- Dicimos que un río ten un RÉXIME REGULAR cando

- a) o seu caudal é mais ou menos o mesmo durante todo o ano.
- b) o seu caudal varía durante todo o ano.
- c) o seu caudal varía só no verán.

11- Dicimos que un río ten un RÉXIME REGULAR cando

- a) o seu caudal é mais ou menos o mesmo durante todo o ano.
- b) o seu caudal varía durante todo o ano.
- c) o seu caudal varía só no inverno e na primavera.

12- As características dos ríos varían segundo dous factores:

- a) A estación do ano e a cantidade de precipitacións.
- b) A cantidade de montañas que atravesase o río e o a estación do ano.
- c) o relevo e o clima.



13- O RELEVO afecta á lonxitude dun río porque

- a) Canto máis distancia hai dende a montaña onde nace o río ata a desembocadura, máis LONGO é o río.
- b) Canto máis distancia hai dende a montaña onde nace o río ata a desembocadura, máis CURTO é o río.
- c) Canto máis longo é o río máis auga leva.


14- O CLIMA afecta ao caudal dun río porque:

- a) Canto máis chuvioso é o clima, MAÍS caudaloso é o río.
- b) Canto máis chuvioso é o clima, MENOS caudaloso é o río.
- c) Cando o clima é moi caluroso, o río leva sempre a mesma cantidade de auga.




15- Define:

AFLUENTE




Conxunto de concas hidrográficas, nas que todos os ríos desembocan no MESMO

CANLE




É o terreo por onde discorren as augas dun río.

CONCA HIDROGRÁFICA



É un río que desemboca noutro río máis grande.

VERTENTE HIDROGRÁFICA



Terreo inclinado que fai que a auga dos ríos chegue ao mar.



EXERCICIOS de REPASO

1- Que é a HIDROSFERA?

- a) Unha capa de aire que envolve a corteza terrestre.
- b) Unha capa de auga que recobre o 70% da superficie da Terra.
- c) O conxunto de rochas e minerais que hai na Terra.

2- A HIDROSFERA está formada por:

- a) as augas subterráneas que proveñen das precipitacións.
- b) as augas superficiais dos océanos e dos mares, e o vapor de auga da atmósfera.
- c) a auga dos océanos, mares, ríos terrestres e subterráneos, lagos e lagoas, glaciares e o vapor de auga da atmósfera.

3- Os 3 estados nos que se atopa a auga na natureza son:

- a) cubitos de xeo, auga do grifo e saraiba
- b) Sólido, líquido e gaseoso.
- c) vapor de auga, auga dos mares e pedras de xeo.



4- A auga es estado líquido atópase na natureza:

- a) nos ríos, mares, océanos, lagos e lagoas.
- b) nos glaciares.
- c) no vapor de auga que forma as nubes na atmósfera.

5- A auga es estado sólido atópase na natureza:

- a) nos ríos, mares, océanos, lagos e lagoas.
- b) nos glaciares.
- c) no vapor de auga que forma as nubes na atmósfera.

6- A auga es estado gaseoso atópase na natureza:

- a) nos ríos, mares, océanos, lagos e lagoas.
- b) nos glaciares.
- c) no vapor de auga que forma as nubes na atmósfera.

7- A auga dos mares e océanos é:

- a) doce.
- b) salgada.
- c) ás veces pode ser doce e outras salgada.



8- A auga dos ríos é:

- a) doce.
- b) salgada.
- c) ás veces pode ser doce e outras salgada.

9- Que é o ciclo da auga?

- a) as distintas formas de precipitacións.
- b) as distintas formas nas que aparece a auga na natureza.
- c) os continuos movementos da auga pola Terra e os cambios que sofre.

10- Cando o sol quenta a auga dos mares e océanos,

- a) a auga cae en forma de precipitacións.
- b) a choiva é moi abundante.
- c) a auga convértese en vapor e pasa á atmósfera.

11- O vapor de auga da atmósfera forma:

- a) a neve,
- b) auga líquida.
- c) as nubes.



12- As precipitacións prodúcense en forma de

- a) choiva, neve ou sarabia.
- b) choiva.
- c) vapor de auga.

13- A auga das precipitacións volve

- a) á superficie e tamén se filtra a fonas subterráneas.
- b) aos ríos terrestres e aos lagos.
- c) a os mares.

14- A auga da HIDROSFERA repártese entre:

- a) augas terrestres e vapor de auga da atmósfera.
- b) augas superficiais e augas subterráneas.
- c) augas superficiais e filtracións de auga ao mar.

15-As AUGAS SUPERFICIAIS atópanse:

- a) debaixo da corteza terretre.
- b) debaixo do chan.
- c) na superficie terrestre.



16- As AUGAS SUPERFICIAIS están formadas:

- a) polas augas que discorren por debaixo do chan.
- b) as augas dos ríos subterráneos e os océanos.
- c) mares, océanos, ríos, lagos, lagoas e masas de neve das montañas.

17- En qué partes da Terra podemos atopar MASAS DE XEO e NEVE?

- a) Nas chairas.
- b) Nos vales e nas zonas subterráneas.
- c) Nas cumes das montañas e nos polos.

18- As AUGAS SUPERFICIAIS prodúcense:

- a) pola formación de lagos e lagoas.
- b) cando o sol quenta auga dos ríos e dos mares.
- c) polas precipitacións e os afloramentos de augas subterráneas.



19- As AUGAS SUBTERRÁNEAS atópanse:

- a) sobre a superficie da Terra e nos espazos porosos do solo.
- b) sobre a superficie da Terra e nas fracturas das rochas.
- c) debaixo do chan, nos espazos porosos das rochas e nas fracturas das rochas.

20- As AUGAS SUBTERRÁNEAS forman:

- a) ríos terrestres.
- b) lagos e lagoas.
- c) Covas e galerías.

21- As AUGAS SUBTERRÁNEA prodúcense:

- a) pola filtración da auga dos ríos.
- b) pola entrada do mar na costa.
- c) polas filtracións das precipitacións e das augas superficiais.

22- As AUGAS SUBTERRÁNEAS volven á superficie:

- a) en forma de fontes subterráneas.
- b) en forma de fontes, mananciais e pozos.
- c) en forma de pozos.



23- Qué é un río?

- a) unha corrente de aire subterránea.
- b) unha corrente de auga .
- c) unha corrente continua de auga doce, que nace na montaña e desemboca no mar.

24- Como se forma a auga dos ríos?

- a) Coa auga da choiva e da neve cando se derrite.
- b) Coas augas subterráneas que emerxen á superficie.
- c) Coa auga que chega do mar.

25- O CURSO ALTO dun río é:

- a) a zona do río máis próxima á desembocadura.
- b) unah zona chaira pola que discurre un río.
- c) a zona máis proxima ao nacemento do río.

26- O CURSO MEDIO dun río é:

- a) a zona do río máis próxima á desembocadura.
- b) unah zona chaira pola que discurre un río.
- c) a zona máis proxima ao nacemento do río.



27- O CURSO BAIXO dun río é:

- a) a zona do río máis próxima á desembocadura.
- b) unah zona chaira pola que discurre un río.
- c) a zona máis proxima ao nacemento do río.

28- En que curso do río se forman os MEANDROS?

- a) no curso alto.
- b) no curso medio.
- c) no curso baixo.

29- As características dun río son:

- a) Lonxitude, anchura, e caudal.
- b) Lonxitude, caudal e réxime.
- c) Lonxitude, caudal e cantidade de auga que leva.

30- Que e a LONXITUDE dun río?

- a) A distancia dende un afluente á desembocadura.
- b) A distancia dende o nacemento dun río ata o meandro.
- c) A distancia dende o nacemento ata a desembocadura.



31- Que é o CAUDAL dun río?

- a) A cantidade de auga que leva o río.
- d) Unha curva que o río fai no seu curso medio.
- c) A desembocadura dun río.

32- Dicimos que un río ten un RÉXIME REGULAR cando

- a) o seu caudal é mais ou menos o mesmo durante todo o ano.
- b) o seu caudal varía durante todo o ano.
- c) o seu caudal varía só no verán.

33- Dicimos que un río ten un RÉXIME IRREGULAR cando

- a) o seu caudal é mais ou menos o mesmo durante todo o ano.
- b) o seu caudal varía durante todo o ano.
- c) o seu caudal varía só no inverno e na primavera.

34- As características dos ríos varían segundo dous factores:

- a) A estación do ano e a cantidade de precipitacións.
- b) A cantidade de montañas que atravesase o río e o a estación do ano.
- c) o relevo e o clima.



35- O RELEVO afecta á lonxitude dun río porque

- a) Canto máis distancia hai dende a montaña onde nace o río ata a desembocadura, máis LONGO é o río.
- b) Canto máis distancia hai dende a montaña onde nace o río ata a desembocadura, máis CURTO é o río.
- c) Canto máis longo é o río máis auga leva.

36- O CLIMA afecta ao caudal dun río porque:

- a) Canto máis chuvioso é o clima, MAÍS caudaloso é o río.
- b) Canto máis chuvioso é o clima, MENOS caudaloso é o río.
- c) Cando o clima é moi caluroso, o río leva sempre a mesma cantidade de auga.

37- Que é un AFLUENTE?

- a) Un río moi longo que desemboca no mar.
- b) Un río moi curto que casi non leva auga.
- c) Un río que desemboca noutro río máis grande.

38- Que é a CANLE dun río?

- a) O terreo polo que discorren as augas dun río.
- b) O terreo máis chaira polo que pasa o río.
- c) Unha parte do río moi estreita.

39- Que é unha CUNCA HIDROGRÁFICA?

- a) Un terreo inclinado que fai que a auga dos ríos chegue ao mar.
- b) Un terreo chan no que se forman MEANDROS.
- c) Un terreo alto no que nacen os ríos.

40- Que é unha VERTENTE HIDROGRÁFICA?

- a) Un conxunto de ríos moi longos.
- b) Un conxunto de concas hidrográficas, nas que todos os ríos desembocan no mesmo mar.
- c) Un conxunto de augas que van a dar aos ríos.

41- Fai un debuxo no que aparezan: un RÍO (indicar nacemento e desembocadura), un MEANDRO, un AFLUENTE, un LAGO e una GALERÍA subterránea.